



**CONCELLO DE BEGONTE**

Praza Irmáns Souto Montenegro nº1  
27373 Begonte  
Tfno. 982 396 143 /Fax: 982 396 027  
Email: info@concellodebegonte.es

## ANUNCIO

### CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

De conformidade co disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no proceso de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora da Taxa polo Aproveitamento Especial do Dominio Público Local das Instalacións de Transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos , levase a cabo a correspondente consulta pública a través do portal web do concello e recabase a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectados pola futura norma, para que no prazo de quince (15) días naturais - a contar desde a publicación do anuncio - se pronuncien respecto dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As opinións e suxerencias poderán presentarse en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da dita Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Begonte, a 11 de Xaneiro de 2022  
O Alcalde



Cod. Validación: 5LWH9KECRZTQ73D3AXP3NZTGM | Corrección: <https://begonte.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1